

## Concello de Outes

---

**Expediente núm.- 192/2020**

### **DECRETO DE ALCALDÍA**

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña);

Considerando, o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e que obriga á adopción, a nivel da Corporación, de novas medidas preventivas, en virtude do cal, se adoptou o Decreto de Alcaldía núm.- 88/2020, do 16 de marzo, de adaptación de ditas medidas;

Considerando, a Resolución do 9 de abril de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que establece que “A prórroga someterase ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, e polo Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19”;

Considerando, a finalización da vixencia do permiso retribuído recuperable, regulado no Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, publicado no Boletín Oficial do Estado do 29 de marzo de 2020 e trasladado ó Concello de Outes por medio do Decreto de Alcaldía 102/2020, do 31 de marzo;

Considerando o “Plan para la transición hacia una nueva normalidad” aprobado polo Ministerio de Sanidad o pasado 28 de Abril de 2020;

Considerando, as previsións contidas nas Ordes SND/399/2020, do 9 de maio, SN/414/2020, de 16 de maio, SND/442/2020, de 23 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do

---

**Concello de Outes**

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



## Concello de Outes

---

estado de alarma en aplicación das fase 1 e 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Vistas, as consideracións plasmadas no acordo asinado pola Alcaldía do Concello e os representantes sindicais dos traballadores da Corporación, con data do 7 de maio, de *Reincorporación progresiva do persoal do Concello de Outes cara á "nova normalidade"*;

En exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21.1 e) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

### RESOLVO

PRIMEIRO.- Levantar o peche ao público das seguintes instalacións municipais: Casa da cultura e Centros socioculturais das parroquias. As condicións de apertura atenderán, en calquera caso, ao establecido polas Ordes Ministeriais referidas ao "Plan para la transición hacia una nueva normalidad" aprobado polo Ministerio de Sanidad o pasado 28 de Abril de 2020. O responsable da área de cultura establecerá cantas directrices e protocolos de uso adicionais ó previsto nas Ordes referidas, sexan necesarios para garantir a hixiene desas instalacións.

Outes, na data que figura á marxe;

Perante min,

O Alcalde,

Secretario Actal. da Corporación,

D. Manuel González López.

D. Andres Busto Allo

